



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E A FUNDACIÓN PAIDEIA
GALIZA PARA A REALIZACIÓN E PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE
CARÁCTER EDUCATIVO, SOCIAL E CULTURAL EN CENTROS EDUCATIVOS**

En Santiago de Compostela, a 10 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, don ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, nomeado mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

 Doutra, dona SANDRA ORTEGA MERA, en calidade de presidenta da Fundación Paideia Galiza, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas polo acordo adoptado na reunión do Padroado da Fundación Paideia Galiza de data 9 de setembro de 2013 segundo consta no libro de actas da Fundación; e en virtude de dito nomeamento, ostenta a representación da entidade a todos os efectos legais, segundo consta nos Estatutos e escritura de constitución da entidade, outorgada o 30 de xullo de 2001, ante o notario da Coruña don .

, baixo o número 1983 de orde do seu protocolo.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense plena capacidade para levar adiante este convenio e

EXPOÑEN

I

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera que todo sistema educativo de calidade debe ter entre os seus obxectivos ofrecer unha resposta idónea á diversidade de alumnado-derivada da evolución da sociedade plural nas súas crenzas e conviccións-, e que esixe formular novos retos sociais, traballando en liñas que contribúan á solidariedade e á compensación de desigualdades. Con esta finalidade debe impulsarse un proceso que permita unha mellor integración escolar do alumnado en situación de desvantaxe sociocultural, contribuíndo a facer efectiva a igualdade de oportunidades, compensando as desigualdades, sexan estas de orixe persoal, étnico, social, económico ou de calquera outro tipo.

II

Que a Fundación Paideia é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten por obxecto, entre outros a promoción e realización de actividades de interese educativo e cultural, estando interesada en promover actividades formativas, dirixidas a colectivos socialmente desfavorecidos ou con risco de exclusión social.

III



Que ambas as entidades coñecen o labor realizada pola Fundación Yehudi Menuhin España (en diante FYME), a cal orienta os seus proxectos ao fomento das artes (especialmente a música, danza, teatro e artes plásticas) como medio de favorecer a integración das nenas e nenos desfavorecidos, como forma de previr a súa exclusión e marxinación social, fomentando ao mesmo tempo o respecto e a tolerancia entre os pobos, a través de accións que permitan previr a violencia e fomenten a convivencia entre as diferentes culturas, para o cal utiliza o programa MUS-Y, co obxectivo de promover actuacións para que as artes sexan unha fonte de equilibrio, de tolerancia e convivencia, que axude a superar as situacións de exclusión.


IV

Que, tendo en conta que o ámbito educativo e os centros escolares son un espazo privilexiado para o desenvolvemento da educación en valores, é vontade das partes asinantes establecer a través do presente convenio unha liña de colaboración orientada ao establecemento das actividades e proxectos educativos que promova a FYME nos centros educativos que se designen, como fonte de equilibrio, solidariedade e respecto entre o alumnado que permita acadar unha mellor integración cultural, educativa e social de nenos e nenas desfavorecidos e/ou en situación de desvantaxe sociocultural.

En virtude do anteriormente exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto



O presente convenio de colaboración ten por obxectivo posibilitar que ambas institucións poidan colaborar no desenvolvemento de actividades da FYME, con fins educativos, sociais e culturais, que favorezan a integración escolar de todo o alumnado que por razóns persoais ou sociais poida chegar ás escolas en situación de desvantaxe.

Segunda. Desenvolvemento da colaboración

A colaboración da Fundación Paideia Galiza consistirá na promoción e financiamento das actividades e iniciativas singulares da FYME, dirixidas a favorecer a integración social, cultural de nenos e nenas que proveñen de ambientes ou zonas desfavorecidas.

A implantación e desenvolvemento das devanditas actividades desenvolveranse nos centros educativos de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se designe ao efecto, por acordo das partes, situados en zonas de actuación educativa preferente ou de especial problemática social e/ou cultural.

Para o efecto a Fundación Paideia Galiza subscribirá os correspondentes acordos de colaboración coa FYME onde se recollan o centro educativo no que se impartirá o programa, as actividades a desenvolver e as obrigas que asuman ambas institucións.

Terceira. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento do establecido neste convenio, as partes acordan crear unha Comisión de seguimento que estará integrada por dous/dúas representantes de cada unha das partes asinantes e estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

2. A Comisión reunirse sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra parte con polo menos unha semana de antelación.

Cuarta. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa firma e estenderá a súa vixencia durante o curso escolar 2016-2017, e será prorrogable automaticamente por cursos escolares salvo denuncia expresa por algunha das partes que o subscriben mediante comunicación escrita cunha antelación mínima dun mes antes da finalización da súa vixencia.

Quinta. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) Revogación por vontade de calquera das partes e en calquera momento da vixencia do convenio, cunha antelación de tres meses respecto da data na que producirá efectos.
- b) Mutuo acordo das partes.



- c) Incumprimento dos compromisos adquiridos.
- d) Avaliación negativa por parte da administración educativa do desenvolvemento do mencionado neste convenio.
- e) Calquera das partes poderá denunciar o convenio durante o seu período de vixencia sempre que medie incumprimento grave dos compromisos asumidos pola outra.

Sexta. Relacións laborais entre os/as profesionais



A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os/as profesionais que desenvolvan as actividades e iniciativas da FYME e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio.


Sétima. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón de contido e materias sobre as que versa, as cales, polo disposto no artigo 4.1 d) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, exclúeno do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puidesen xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da Comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava. Protección do menor

Segundo a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para este efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.





Novena. Publicidade activa

Este convenio será obxecto de publicidade a través dos mecanismos establecidos para o efecto pola Xunta de Galicia, en aplicación do establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, e para garantir que non se transgreden os límites do dereito de acceso á información pública, así como dos derivados da normativa en materia de protección de datos persoais establecidos pola normativa básica, as persoas asinantes manifestan o seu consentimento e autorización para facer pública a información relativa aos seus datos persoais e o resto de especificacións que constan no convenio.

E en proba de conformidade, firman o presente convenio por cuadruplicado, quedando dous exemplares en poder de cada unha das partes firmantes, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria



D. Román Rodríguez González

Pola Fundación Paideia Galiza



Dña. Sandra Ortega Mera